



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE FEBREIRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día 11 de febreiro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

Non asiste a Sra. M^a Montserrat Magallanes Álvarez.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCIONES

Vista a Resolución do 7 de decembro de 2015 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- solicitar unha subvención para a contratación de un técnico de turismo durante tres meses ao abeiro desta convocatoria e financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.
- Contratar un titulado medio co seguinte cadro de retribucións segundo o convenio colectivo provincial de oficinas e despachos 2009 - 2012 publicado no BOP nº 187, do 28 de setembro de 2011:

Salario	Parte prop. Pagas extra	Suma conceptos salariais	Cotización empr. a S.S.	Salario + S.S.
1.018,52	339,51	1.358,03	435,93	1.793,96

PUNTO 2.- INFORMES XURÍDICOS

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de xaneiro de 2016, comunicando o auto ditado o 2 de decembro de 2015 polo que o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra na peza separada de medidas cautelares dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 288/2015 entablado por D. JOSÉ MANUEL RENDA ALVAREZ contra o decreto de 26 de agosto de 2015 do Alcalde da Guarda



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

desestimatorio do recurso de reposición deducido contra o decreto de 20.05.2015 que ordeaba ó recurrente á demolición dunha cadea existente no número 24 da rúa 3ª Transv. da Cruz suxeita entre dúas paredes da súa propiedade e no centro por un ferro empotrado en cemento, con cartel con leínda "Propiedad Privada" e impuña unha sanción pecuniaria de 6.001 euros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto de 2 de decembro de 2015 e acorda dar traslado ó departamento de Urbanismo para a súa unión ó expediente.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 2 de febreiro de 2016, comunicando o auto ditado o 20 de xaneiro de 2016 pola Audiencia Provincial de Pontevedra no recurso de apelación nº 726/15 entrablado por Dña. Antonia Baz Gomez e D. Francisco Gonzalez Durán contra o auto ditado o 5 de maio de 2015 polo xulgado de instrucción nº 2 de Tui desestimatorio do recurso de reforma entablado polos mesmos contra o auto de 12 de xaneiro de 2015 que decidiu archivar a denuncia penal formulada por estes contra o anterior alcalde e teniente alcalde pola comisión de supostos delitos de lesións, desobediencia á xustiza e de prevaricación derivados das actuacións que tiveron lugar na praza de San Benito o 13 de agosto de 2012.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto de 20 de xaneiro de 2016 e acorda dar traslado ó departamento de Urbanismo para a que archive ó expediente.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 2 de febreiro de 2016 comunicando a sentenza ditada o 29 de decembro de 2015 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 12/15 entablado por D. Jaime Perez Gonzalez e Promomiño 2006, S.L. contra a resolución desestimatoria presunta do Concello da Guarda da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos demandantes na suma de 395.152,48 euros máis intereses, derivados da anulación de licenza de obras concedida o 27.09.2007.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica de 29 de decembro de 2015 e acorda dar traslado ó departamento de Urbanismo para a súa constancia no expediente, así como ó departamento de intervención para a súa constancia ós efectos oportunos.

PUNTO 3.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 05 de febreiro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. Mª.C.V.S.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 4.- CUOTAS DA PRAZA DE ABASTOS.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XANEIRO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 5.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 7.047 de data 27 de outubro de 2015, presentado por D. RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa 3ª Transv. A Cruz, nº 22 da Guarda, solicitando que por parte do Concello de proceda ó pintado dunhas liñas amarelas que impidan o estacionamento de vehículos a altura do número 24 da rúa 3ª Transv. A Cruz facilitando deste xeito ó tránsito na zona.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Oficial Xefe da Policía Local, así como os informes técnicos sobre a titularidade pública do Camiño, acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 801 de data 8 de febreiro de 2016, presentado por D. Eloy Gómez Mariño, en representación da COMUNIDADE DE MONTES DE SALCIDOS, con enderezo social na rúa Subida ó Torroso, nº 6 da Guarda, solicitando axuda económica ó Concello para levar a cabo as obras de arranxo da pista de Baixada ó Río, así como que o propio Concello comece a tramitación de solicitude de subvencións para a adaptación deste vial de xeito permanente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello colaborará coa aportación de maquinaria da mancomunidade do Baixo Miño ó igual que o fixo coas xuntas rectoras anteriores.

Dase conta do escrito RE 578 de data 29 de xaneiro de 2016, presentado por ACIGU - C.C.A., con enderezo social na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4-baixo da Guarda, solicitando un maior esforzo das forzas seguridade contra os roubos que se producen nas farmacias da vila.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 572 de data 28 de xaneiro de 2016, presentado por JIAN KANG YE, con enderezo na rúa do Caravel, nº 18 de San Cibrao das Viñas (CP 32911), solicitando a colocación de contenedores de lixo na rúa José María Xesto, s/n - AS Cachadas, ante a próxima apertura dun bazar.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Sendo as trece horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.